

Resolución do 27 de febreiro de 2020, pola que se prorroga a encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., do servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia

Antecedentes de feito

Primeiro. Con data 02/01/2018 a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ditou resolución pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., o servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia.

Segundo. A citada resolución do 02/01/2018 prevé que a encomenda finalizará o 29/02/2020 e que “antes da finalización da encomenda poderase prorrogar a súa vixencia, unha vez ponderadas todas as circunstancias que concorran no caso”.

Terceiro. Próximos a finalizar a encomenda, e na medida en que persisten as causas e razóns de interese público que xustificaron a formalización desta, o establecemento do servizo ampliado de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia, considérase oportuno prorrogar a súa vixencia ata o 28/02/2022.

Fundamentos xurídicos

1. De conformidade co artigo 47.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou os encargos que os poderes adxudicadores que os controlan e os seus medios propios lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos.

A través do Decreto 352/2009, de 2 de xullo, declárase como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., e se modifican o seus estatutos.

2. O apartado n) do artigo 4.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que quedan fóra do ámbito desta Lei «os negocios xurídicos en cuxa virtude se encargue a una entidade que, conforme ao sinalado no artigo 24.6, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico do mesmo, a realización dunha determinada prestación».

O referido artigo 24.6 indica que «os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos de os poderes adjudicadores para os que realicen a parte esencial da súa actividade cando estes ostenten sobre os mesmos un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade do seu capital terá que ser de titularidade pública.»

Polo exposto, dona Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro. Prorrogar o prazo de vixencia da encomenda formalizada con data 02/01/2018 á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., do servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia.

A prórroga desta encomenda entrará en vigor o día 01/03/2020 e finalizará o día 28/02/2022.

Antes da finalización da encomenda poderase novamente prorrogar a súa vixencia, unha vez ponderadas todas as circunstancias que concorran no caso.

Segundo. O importe máximo desta prórroga da encomenda é de CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000,00 €) IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2.020: 60.000 €

Anualidade 2.021: 70.000 €

Anualidade 2.022: 10.000 €

Terceiro. As restantes condicións da encomenda que se prorroga permanecerán invariables respectándose os termos documentados na formalización de data 02/01/2018.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2020

A directora da Amtega

Mar Pereira Álvarez

